

CURSOS DE INICIACIÓN ADESTRADORES

Esta titulación é o inicio dun percorrido formativo que pretende outorgar aos futuros adestradores e adestradoras un crecemento axeitado e razoable, consolidando a aprendizaxe de contidos e buscando unha formación continua que faga mellorar a súa capacidade.

MATERIAS PRESENCIAIS (máximo 30 horas)

- TÉCNICA INDIVIDUAL - 8 a 10 horas
- TÁCTICA INDIVIDUAL (1X1, 2X2) - 4 a 5 horas
- TÁCTICA COLECTIVA (3X3, 4X4) - 4 a 5 horas
- REGRAS DE XOGO - 2 horas
- BÁSICOS DUN ADESTRADOR - 3 horas
- METODOLÓXICA - COMO ADESTRO - 2 horas
- FORMACIÓN CONTINUA - 1 hora
- INICIACIÓN Á PLATAFORMA - 1 hora

MATERIAS NON PRESENCIAIS (máximo 15 horas)

Creamos cinco grandes MÓDULOS que ofrecerán os seus contidos na Plataforma On Line a través de documentos e imaxes que enriquezan a formación sobre materias non ofrecidas ou complementando visualmente outras si impartidas na parte presencial.

1. TÉCNICA INDIVIDUAL- TÁCTICA INDIVIDUAL:

- a. Documentos visuais (cortes de vídeo) con xestos técnicos en adestramentos e competición relativos á ensinanza de fundamentos sen/con oposición e en situación real.
- b. Nivel de execución adaptado ao nivel de contidos do curso.

2. REGRAS DE XOGO:

- a. Documento sobre regras oficiais vixentes de Minibasket.

3. NOVAS TECNOLOXÍAS:

- a. Programa Playbook ou similar.
- b. Documentos sobre Simbología e Terminoloxía en baloncesto de iniciación/formación.
- c. Titorial sobre APP para manexo de vídeo básico na ensinanza e corrección do xesto técnico.

4. DIRECCIÓN E CIENCIAS APLICADAS:

- a. Documento sobre Dirección de Grupo.
- b. Documento escrito ou visual sobre Preparación Física (psicomotricidade).
- c. Documento escrito ou visual sobre Psicología.
- d. Documento escrito ou visual sobre Pedagogía.

5. PLANIFICACIÓN E ESTRUCTURA DE ADESTRAMENTO:

- a. Esquemas básicos sobre planificación, ademais do documento xa existente.
- b. Documento visual con reflexións sobre enfoque de adestramento en Minibasket.
- c. Reflexións sobre a suma de tarefas para conseguir

PARTE AVALIATIVA

Durante a FASE NON PRESENCIAL, que durará dúas semanas e realizarase a través da plataforma on line; avaliarase a cada alumno das materias ofrecidas nas clases presenciais así como dos contidos dos que dispón on line. En concreto, realizaranse catro probas programadas en data e hora polo coordinador do curso para realizar por plataforma. Estas serán:

1. Test sobre regras de xogo.
2. Test global (recole preguntas de distintos obxectos de estudo).
3. Tarefa sobre táctica colectiva: traballo a entregar en plataforma ao final da fase non presencial, tras recibir os enunciados correspondentes.
4. Tarefa sobre “Básicos dun adestrador”: traballo a entregar en plataforma ao final da fase non presencial e vinculado a supostos e premisas que se dean na clase desta materia.

CURSO DE INICIACIÓN - FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

Concluídas as fases presencial, non presencial e avaliativa do curso, e sempre que o alumno consiga o APTO correspondente, está obrigado a cumprir a FORMACIÓN COMPLEMENTARIA coas seguintes actividades:

- Participación presencial en DOUS PDC a instancias das indicacións que lle transmita o Responsable Deportivo Zonal da delegación.
- 8 horas de asistencia a charlas técnicas validadas pola FGB e ás que a propia Federación outorgue a etiqueta de “Evento Formativo Básico”. As mesmas poderían organizarse presencialmente ou a través de formato “on line”. Dita catalogación adxudicárase ao publicitar a charla correspondente e previamente á súa realización.

- Asistencia obrigatoria a:

O TALLER ESPECÍFICO DE MINIBASKET organizado pola Federación Galega

O SEMINARIO MONOGRÁFICO FORMATIVO

- A realización da totalidade da formación complementaria por parte do alumno deberá completarse antes de finalizar a temporada EN CURSO, unha vez acabada a realización do curso, sempre que se ofertaran por parte de FGB as actividades complementarias necesarias que o alumno deba cumprir. Non realizalas no prazo indicado levaría á anulación do curso realizado.